

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 2 DE SETEMBRO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Proxecto de lei polo que se inclúe unha disposición transitoria sexta na Lei 10/2009, do 30 de decembro, de modificación do Decreto legislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985, do 17 de xullo, e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se constitúen unidades técnico-administrativas nos edificios xudiciais e unidades de apoio á presidencia de tribunais e decanatos dos xulgados

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio específico 2010, que desenvolve o convenio de colaboración suscrito entre o *Instituto da Muller* e a Comunidade Autónoma de Galicia, sobre cooperación en programas e actuacións dirixidos especificamente ás mulleres, por importe de corenta mil cincocentos sesenta e dous euros (40.562,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Igualdade e a Comunidade Autónoma de Galicia a través da Secretaría Xeral da Igualdade, para a realización de actuacións encamiñadas a garantir ás mulleres vítimas de violencia de xénero o dereito á asistencia social integral e actuacións de atención especializada a menores expostos a violencia de xénero.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello do Porriño, para finalización das obras de mellora e humanización da praza do Polígono III de Torneiros por importe de catrocentos cincuenta e catro mil setenta e tres euros con cinco céntimos (454.073,05 €).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financiera da Xunta de Galicia co Concello da Laracha para a execución da obra: "Ampliación das redes de saneamento e abastecemento no Concello da Laracha. Fase II. A Laracha (A Coruña)", clave OH.515.963, por importe de trescentos trinta e sete mil oitocentos corenta euros con trinta e dous céntimos (337.840,32€).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financiera da Xunta de Galicia co Concello de Palas de Rei para a execución da obra: Abastecemento á parroquia de San Cibrao da Repostería. Palas de Rei (Lugo), clave OH.227.604, por importe de douscentos cincuenta e oito mil oitocentos vinte e seis euros e oitenta e dous céntimos (258.826,82 €).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financiera da Xunta de Galicia co Concello de Ortigueira para a execución da obra: Actuacións para a eliminación de verteduras nas Rías Galegas. Saneamento e abastecemento de Senra e Cuíña. 1ª fase. Ortigueira (A Coruña), clave OH.315.649, por importe de 1.017.195,75 €.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financiera da Xunta de Galicia co Concello da Lama para a execución da obra: Anteprojecto. EDAR da Lama (Pontevedra), clave OH.336.659, por importe de 1.104.809,83 €.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía e Industria para a subscripción dun convenio de colaboración e establecer un anticipo do 80% do importe da subvención, sen necesidade de prestación de garantías a favor da Xunta de Galicia, regulada no Convenio de colaboración entre esta consellería e a Asociación Clúster do Granito para a posta en marcha do plan de promoción e estudos de proxectos demostrativos do sector do granito, por importe de douscentos mil euros (200.000 €).
- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Economía e Industria para establecer un anticipo do 80% do importe da subvención, sen necesidade de prestación de garantías a favor da Xunta de Galicia, regulada no Convenio de colaboración entre esta consellería e o Clúster da Lousa de Galicia para a posta en marcha do plan de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

promoción e estudos proxectos demostrativos do sector da lousa, por importe de cento oito mil euros (108.000 €).

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración específico entre o “Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras” e a Consellería de Economía e Industria de Galicia para execución do proxecto da estación depuradora de augas residuais (EDAR) industrial en Cerceda, (A Coruña), por importe de un millón cincocentos mil euros (1.500.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e as cámaras oficiais de comercio, industria e navegación, para o fomento das exportacións galegas- Foexga 2010, por importe de dous millóns trescentos cincuenta e dous mil oitocentos vinte euros (2.352.820,00 €).
- Acordo polo que se autoriza o lgape para achegar ao Fondo Adiante 2000 o importe de dez millón setecentos noventa e catro mil cento setenta e cinco euros con cincuenta e dous céntimos (10.794.175,52€), correspondente a 1.796 participacións de seis mil dez euros con doce céntimos (6.010,12€) cada unha.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela, para promoción e apoio á investigación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades por importe total de cento oitenta e catro mil cincuenta e tres euros (184.053,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade da Coruña, para promoción e apoio á investigación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, por un importe total de vinte e tres mil novecentos corenta euros (23.940,00 €).
- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a realización de compromisos de gasto de carácter plurianual, derivados da orde pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de axudas destinadas ao cofinanciamento dos servizos de comedor escolar xestionados polas asociacións de nais e pais do alumnado dos centros públicos non universitarios dependentes desta consellería, para o curso académico 2010-2011, por un importe total de un millón dous centos un mil cincocentos corenta e seis euros e corenta e sete céntimos (1.201.546,47 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subministración sucesiva de implantes de traumatoloxía para o Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, por un importe de tres millóns oitocentos oitenta e sete mil trescentos noventa e catro euros con trinta e nove céntimos (3.887.394,39 €)
- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de limpeza para o hospital Lucus Augusti por un importe de once millóns cincocentos mil euros (11.500.000 €)

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a SA de Xestión do Plan Xacobeo e a Fundación Ad Sanctum Iacobum Peregrinatio, para a adecuación de locais situados no baixo da igrexa parroquial de San Antonio das Fontiñas e parcela anexa, para dedicalo a albergue de peregrinos, por un importe de oitocentos mil euros (800.000€)

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a xestión da compravenda dos locais destinados a centro de día en Allariz, As Pontes de García Rodríguez, Vilagarcía de Arousa e Esteiro en Ferrol por un importe de un millón seiscentos cincuenta e cinco mil seiscentos trinta e un euros con dezanove céntimos (1.655.631,19€)

INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a expropiación de terreos para o novo Hospital de Vigo

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre ocupación hoteleira a 31 de xullo de 2010

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA PROPORCIONA SEGURIDADE Á FUSIÓN DAS CAIXAS GALEGAS CUBRINDO O BALEIRO DA LEI ESTATAL SOBRE O PERÍODO TRANSITORIO**

- *O Goberno galego engade unha disposición transitoria á norma autonómica para garantir a estabilidade no proceso de integración*
- *Esta modificación establece a paridade nos órganos de goberno na futura caixa única e regula o número de membros*
- *Permite a continuidade dos membros dos actuais órganos de goberno*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un proxecto de lei para modificar a norma autonómica de caixas de aforro co obxectivo de proporcionar seguridade á fusión de Caixa Galicia e Caixanova e cubrir o baleiro que deixa a lei estatal sobre os períodos transitorios na integración de entidades financeiras en marcha.

O pasado mes de xullo o Goberno central aprobou un cambio na regulación das caixas de aforro en pleno proceso de reordenación do mapa financeiro español, sen ter en conta os protocolos de integración e plans de negocios previamente aprobados polo Banco de España.

Esta circunstancia xera unha disfunción facendo incompatibles os períodos transitorios previstos coa renovación de órganos de goberno prevista na norma estatal. Este proxecto de lei pretende solucionar este atranco regulando esta situación non prevista na Lorca.

O cambio consiste en introducir unha disposición transitoria na norma autonómica para garantir a estabilidade no proceso de unión das caixas galegas, segundo o recollido nos acordos das caixas e referendado no plan de integración.

Esta modificación legal establece a paridade nos órganos de goberno na futura caixa única galega e regula o número de membros que os compoñen. Igualmente permite a continuidade dos actuais membros durante o período transitorio.

Tras a aprobación polo Consello da Xunta, este proxecto de lei será remitido ao Parlamento para que poida ser aprobado polo trámite de urxencia antes de que se reúnan as asembleas xerais das caixas.

A XUNTA SEGUE AVANZANDO NO DESENVOLVEMENTO DA NOVA OFICINA XUDICIAL COA POSTA EN MARCHA DE 19 UNIDADES ADMINISTRATIVAS

- *Crearanse 12 unidades de apoio aos órganos governamentais e 7 unidades técnico-administrativas*
- *O Goberno galego encargarse do deseño, creación e organización destes entes nos edificios xudiciais*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de constitución de unidades técnico-administrativas nos edificios xudiciais e de unidades de apoio a presidencias de tribunais e decanatos nos xulgados, co que segue avanzando no desenvolvemento da nova oficina xudicial, a maior reforma impulsada na Administración de Xustiza nos últimos anos.

Mediante este decreto, a Comunidade galega faise cargo da creación, deseño e organización das unidades administrativas que se poñan en marcha no territorio galego. Estas unidades forman parte do novo modelo de oficina xudicial que xunto coas unidades procesuais de apoio directo, competencia do Ministerio de Xustiza; e os servizos comúns procesuais, dependentes das comunidades autónomas e o Ministerio de Xustiza, pretenden favorecer o funcionamento máis eficiente das oficinas xudiciais.

Será competencia do Goberno galego a determinación da forma de integración destas unidades administrativas na Administración Pública, o ámbito de actuación, a dependencia xerárquica, o establecemento de postos de traballo, así como a dotación dos créditos necesarios para a súa posta en marcha e funcionamento. Grazas ao devandito decreto estableceranse e regularanse dous tipos de unidades; as técnico-administrativas e as de apoio, que se irán implantando progresivamente segundo o permitan as dispoñibilidades orzamentarias.

19 unidades administrativas

Crearanse un total de 7 unidades técnico-administrativas nas sedes xudiciais da Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. As unidades cumpriran funcións de xestión de recursos humanos do persoal dos xulgados, tribunais e fiscalías galegas, ao mesmo tempo que se encargarán da administración de medios económicos e materiais así como de soporte de medios audiovisuais e informáticos.

Ao mesmo tempo tamén se crearán 12 unidades de apoio ás presidencias dos tribunais colexiados e aos decanatos das cidades da Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. Estas centraranse en atender as necesidades organizativas e gobernativas dos presidentes dos tribunais e dos maxistrados, xuíces decanos e a xestión das bibliotecas xudiciais.

Estes cambios inclúense dentro do proxecto de renovación do modelo de oficina xudicial que pretende dinamizar, axilizar e mellorar a calidade dos servizos xudiciais cunha mellor

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

distribución do traballo. O plan substituirá as actuais secretarías xudiciais por unha estrutura de unidades mellor dimensionadas e máis especializadas.

Este decreto entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A XUNTA E O INSTITUTO DA MULLER ASINAN UN CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DESTINADOS A PROMOVER A EDUCACIÓN EN IGUALDADE E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA

- *O convenio persegue achegar a educación en igualdade ao ámbito escolar, para concienciar os máis novos na importancia de erradicar da sociedade os prexuízos de xénero e a violencia machista*
- *En virtude deste acordo, que conta cun orzamento de 202.808 euros, realizaranse tamén actuacións para fortalecer os sistemas de información e asesoramento específico que reciben as mulleres galegas*

A Xunta de Galicia e o Instituto da Muller asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento de programas e actuacións dirixidos especificamente ás mulleres, e encamiñados a concienciar a sociedade en xeral e as xeracións máis novas sobre a necesidade de acadar unha convivencia en igualdade.

Os diversos programas que recolle o acordo céntranse, sobre todo, na xente máis nova, para o que se porán en marcha diferentes iniciativas cos centros educativos e a comunidade escolar, implicando as nais e pais e o persoal docente nunha educación integral dos rapaces e rapazas en que os valores de igualdade e de prevención da violencia sexan prioritarios.

Así mesmo, en virtude deste acordo, que conta cun orzamento de 202.808,00 euros, realizaranse actuacións para fortalecer os sistemas de información e asesoramento específico que reciben as mulleres galegas en temas relacionados co eido familiar, laboral, formativo, etc.

Erradicar da sociedade os prexuízos de xénero e a violencia machista

O convenio persegue achegar a educación en igualdade ao ámbito escolar, para concienciar os rapaces e rapazas máis novos na importancia de erradicar da sociedade os prexuízos de xénero e a violencia machista. Ademais, pretende impulsar a incorporación das mulleres en todos os sectores profesionais e sociais en igualdade de oportunidades.

Os programas que recolle esta iniciativa teñen diversos eidos de actuación. Así, o primeiro deles está centrado na formación en igualdade, onde se enmarca a 11ª *Xornada de pais e nais*; unha iniciativa con que pais, nais fillas e fillos reciben formación sobre educación en igualdade dun xeito ameno e divertido.

Doutra banda, o Programa Relaciona, de educación afectivo sexual, prevé realizar sesións de traballo co profesorado dos centros educativos sobre a afectividade e a sexualidade no ámbito escolar. Desenvolverase como programa piloto en varios centros da nosa comunidade durante o vindeiro curso.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Unha terceira actuación está encamiñada a favorecer o desenvolvemento do principio de *mainstreaming*, para prestar apoio ao persoal que xestiona nos municipios de Galicia as políticas de igualdade. Trátase de desenvolver campañas de formación e sensibilización ao persoal que desenvolve tarefas de asesoramento e información en materia de igualdade desde os concellos galegos.

O programa de empoderamento recolle iniciativas para favorecer a participación política, social, económica, cultural e deportiva das mulleres. Para iso, elaboraranse unidades didácticas, para o seu uso no eido docente, sobre a persistencia de desigualdades na nosa sociedade e a necesidade de combatelas: roles de xénero sociais, laborais, sexuais, etc.

O acordo prevé, tamén, desenvolver programas dirixidos a mulleres con discriminación múltiple: reclusas, ex-reclusas, xitanas, mulleres maiores, inmigrantes, mulleres que exercen a prostitución, discapacitadas, entre outras. E unha última actuación será a de impulsar políticas de igualdade entre as mulleres do medio rural a través de accións formativas e de difusión no ámbito rural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA ASINA UN CONVENIO DE COLABORACIÓN CO MINISTERIO DE IGUALDADE DESTINADO Á ATENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO**

- *Ten como obxectivo garantir ás mulleres inmigrantes vítimas da violencia de xénero o dereito á asistencia social integral así como actuacións de atención especializada a menores expostos á violencia de xénero*
- *A especialización do persoal que desenvolve o seu traballo en relación directa con mulleres inmigrantes en situación de vulnerabilidade e con nenos e nenas expostos á violencia de xénero son algúns dos campos de actuación*

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Igualdade, asinou un convenio de colaboración co Ministerio de Igualdade destinado tanto a garantir ás mulleres inmigrantes vítimas da violencia de xénero o dereito á asistencia social integral, como a actuacións de atención especializada a menores vítimas indirectas desa mesma violencia de xénero. Para acadar estes obxectivos achegaranse un total de 279.208 euros.

Actuacións

Así, destínanse 203.644 euros á especialización dos profesionais que desenvolven o seu traballo en relación directa con mulleres inmigrantes, para mellorar a calidade na asistencia social no ámbito da violencia de xénero. Esta contía destínase tamén á articulación de programas de intervención coas mulleres inmigrantes, en especial con aquelas en situación de vulnerabilidade. Con esta finalidade elaboraranse estudos e diagnósticos sobre a violencia de xénero en Galicia e desenvolverase un plan de información en violencia de xénero dirixido á poboación inmigrante.

Os 75.564 euros restantes son para a posta en marcha de programas de intervención directa destinados a nenos e nenas expostos á violencia de xénero. Realizaranse programas específicos de intervención social, psicolóxica e lúdica con menores que estean en centros de acollida para vítimas de violencia de xénero e en puntos de encontro familiar, así como programas formativos en violencia de xénero para profesionais que teñen un traballo no cal están en contacto directo con menores.

No marco dos programas de actuación destinados a menores hai que destacar a colaboración coa Fundación Preescolar na Casa, que desenvolve unha proposta de educación infantil e de formación de pais e nais xa moi consolidada e que a partir deste ano fomentará especificamente a inclusión do valor da igualdade como método de prevención da violencia de xénero nos contidos desenvolvidos nos seus programas de formación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA REMATARÁ AS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA PRAZA DO POLÍGONO DE TORNEIROS, NO CONCELLO DO PORRIÑO, CUN INVESTIMENTO DE 454.000 EUROS**

- *O obxectivo primordial é conseguir a reestruturación da praza e mellorar a súa accesibilidade*
- *O convenio terá vixencia ata o 30 de decembro de 2010*

O Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) investirá un total de 454.073,05 euros na mellora e humanización da praza do Polígono III de Torneiros, no Concello do Porriño, co obxectivo de melloralala urbanística e ambientalmente. Con tal fin, o Consello da Xunta de Galicia aprobou na reunión de hoxe un convenio entre o IGVS e o Concello do Porriño para o financiamento e realización das correspondentes obras.

O devandito convenio establece que o IGVS financiará o 100 por cento do custo das obras, cun máximo de 454.073,05 euros, mentres que o Concello levará a cabo todas as actuacións relativas á contratación das obras proxectadas, así como as relativas á obtención dos permisos e autorizacións que sexan necesarios, comprométese a facer as obras de acordo coa normativa e materiais establecidos.

A achega do Instituto da Vivenda e Solo farase efectiva mediante pagamentos parciais, en función das certificacións de obra debidamente conformadas polo seu director-facultativo e polo órgano competente do concello.

As obras que se van realizar consistirán na realización da cuberta do edificio de aparcadoiros soterrados existentes e os espazos de circulación peonil do contorno, co fin de conseguir a integración das cubertas no sistema de espazos libres públicos, mellorando a accesibilidade da praza e dotándoa dunha configuración urbana e dunhas condicións de salubridade e funcionalidade que permitan utilizar o enclave como lugar de relación e cohesión social.

O convenio terá vixencia ata o 30 de decembro de 2010.

MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ PRETO DE 400.000 EUROS NA SEGUNDA FASE DO SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DA LARACHA

- *A actuación beneficiará os veciños das parroquias de Lendo e A Viña, xa que na actualidade se abastecen de pozos privados e verten as augas residuais a fosas sépticas*
- *A primeira fase do proxecto de saneamento, xa rematada, supuxo un investimento de 640.000 euros para a eliminación das verteduras no río Anllóns nas parroquias de Coiro, Lemaio, Lendo, Lestón e Torás*
- *Esta actuación enmárcase dentro do Plan Hidrolóxico, que buscan acadar o bo estado das masas de auga para o ano 2015 así como conseguir que as demandas de auga sexan satisfeitas axeitadamente*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello da Laracha para levar a cabo a 2ª fase do saneamento e abastecemento do concello coruñés da Laracha. Medio Ambiente investirá nesta actuación, a través de Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), preto de 400.000 euros distribuídos en dúas anualidades; serán 137.840 euros este ano e en 2011 a Consellería achegará 200.000 euros.

A actuación beneficiará os veciños das parroquias de Lendo e A Viña, xa que na actualidade abastécense de pozos privados e verten as augas residuais a fosas sépticas. Polo tanto, conseguirase solucionar os problemas de salubridade que leva consigo isto e poñerase solución ás carencias de subministración de auga.

Obras que se van realizar

A parroquia de Lendo abastécese actualmente das instalacións hidráulicas da parroquia de Caión. En materia de saneamento, Lendo ten unha pequena rede que discorre pola rúa principal ata a fosa séptica existente.

Para solucionar o problema de subministración de auga, a EPOSH instalará unha rede de 1.080 metros de lonxitude de 110 mm de diámetro; outra de 437 metros de 75 mm de diámetro e dúas bombas de propulsión e un acumulador de 50 m³. Finalmente, conectarase coa rede de abastecemento de Caión.

En materia de saneamento das augas residuais, ampliarase a rede de colectores existentes con 535 metros de tubaxe e un sistema de impulsión de 207 metros de lonxitude. Isto completárase con dous bombeos que conectarán coa rede existente.

Na parroquia da Viña, será preciso acometer obras iniciais xa que carece tanto de infraestruturas de saneamento como abastecemento. A rede de saneamento farase mediante a instalación de 509 metros de tubaxe de 315 mm de diámetro, ademais dos correspondentes pozos de rexistro. En materia de subministración de auga potable, instalaranse 508 metros de tubaxe por gravidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O prazo de execución destas obras será de 4 meses, e os beneficiarios serán os máis de 11.000 habitantes do concello coruñés da Laracha; sobre todo os veciños das parroquias de Lendo e A Viña.

Antecedentes

A primeira fase do proxecto de saneamento do Concello da Laracha está rematada, e foi adxudicada o pasado ano por máis de 640.000 euros. O obxectivo desta primeira fase foi a eliminación das verteduras no río Anllóns nas parroquias que non contaban con rede de saneamento; Coiro, Lemaio, Lendo, Lestón e Torás.

As obras, en concreto, consistiron na execución de máis de 7 quilómetros de colectores, 3,5 quilómetros de impulsións e 6 novos bombeos para mobilizar as augas residuais.

Obrigas da Consellería e do Concello da Laracha

A Consellería de Medio Ambiente financiará a totalidade da actuación. Mentres, o Concello da Laracha achegará os terreos, libres de gravames, necesarios para levar a cabo as obras, actualizar as tarifas pola prestación do servizo así como someter a información pública o proxecto. Ademais, unha vez rematada a obra, deberá levar a cabo os labores de mantemento e conservación das instalacións.

Plan de Infraestruturas Hidráulicas

Esta actuación enmárcase dentro do Plan de Infraestruturas Hidráulicas 2009-2013 que ten como obxectivo acadar un bo estado nas masas de auga e conseguir que as demandas de augas sexan satisfeitas axeitadamente.

O Plan prevé un investimento de máis de 868 millóns de euros ata o ano 2013, e é acorde coa Directiva Marco da Auga; que busca garantir o abastecemento e regulación dos recursos hídricos en calidade e cantidade, velando polo seu consumo responsable e o seu aforro.

MEDIO AMBIENTE COLABORA CO CONCELLO DE PALAS DE REI PARA DOTAR DE AUGA POTABLE A PARROQUIA DE SAN CIBRAO DA REPOSTERÍA

- *O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, achega un importe de preto de 260.000 euros distribuídos en dúas anualidades*
- *Augas de Galicia establece un prazo de execución de seis meses para a finalización das citadas obras hidráulicas*
- *O proxecto ten como fin primordial dotar de servizo de auga potable os lugares das Cancelas, Leboreira, Leilón, Rubín, San Cibrao, Setefontes, O Sisto e A Vila de Arriba que na actualidade carecen de abastecemento*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración técnico-financeiro entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Palas de Rei para a execución do abastecemento á parroquia de San Cibrao da Repostería.

O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, achega un importe de preto de 260.000 euros distribuídos en dúas anualidades para levar a cabo o citado abastecemento. O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante a colaboración técnico-financeira neste tipo de obras, pretende resolver problemas nas infraestruturas dos concellos galegos con escasa capacidade económica.

Este proxecto hidráulico abrangue as actuacións necesarias para dotar de servizo de abastecemento de auga potable os lugares das Cancelas, Leboreira, Leilón, Rubín, San Cibrao, Setefontes, O Sisto e A Vila de Arriba. Estes núcleos de poboación, na actualidade non están conectados a rede ningunha de abastecemento, existindo subministros individuais dende fontes e pozos particulares.

A parroquia de San Cibrao da Repostería carece de rede para a subministración de auga potable dende a estación de tratamento (ETAP) que abastece ao concello lucense. Co fin de suplir esta carencia, proxéctanse un bombeo de auga bruta no pozo de barrena existente para un caudal de 21 l/s e tubaxe de impulsión dende o pozo ata o depósito.

Os traballos hidráulicos tamén prevén a construción dun depósito de 50 metros cúbicos con telecontrol mediante a escavación remota para interconexión entre bombeo e depósito. Esta infraestrutura dispón de equipo de cloración, cámara de claves e un grupo de presión para abastecer o lugar de Setefontes. Este proxecto de abastecemento inclúe a reposición dos pavimentos afectados polos traballos.

Augas de Galicia establece un prazo de execución de seis meses para a finalización das citadas obras hidráulicas.

MEDIO AMBIENTE INVISTE MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS NA PRIMEIRA FASE DO SANEAMENTO DAS PARROQUIAS DE SENRA E CUÍÑA, NO CONCELLO DE ORTIGUEIRA

- *O obxectivo será conectar as ditas parroquias á depuradora existente en Santa Marta de Ortigueira*
- *Construiranse 5 quilómetros de colectores e dous bombeos, cun prazo de execución de 9 meses*
- *No que vai de lexislatura, o Consello da Xunta leva aprobados un total de 180,5 millóns de euros en investimentos directamente relacionados co saneamento das rías galegas*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe un Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Ortigueira, na provincia da Coruña, para a execución da primeira fase do saneamento de dúas parroquias do concello. Medio Ambiente fará unha achega de máis dun millón de euros, distribuídos en dúas anualidades; serán 117.195 euros neste ano e no vindeiro 2011 a Consellería achegará 900.000 euros.

O obxectivo será conectar as parroquias de Senra e Cuíña á estación depuradora de augas residuais (EDAR) existente en Santa Marta de Ortigueira. Cómpre dicir que o proxecto tivo que ser modificado debido á posta en servizo do Parque Empresarial de Cuíña.

Obras que se van realizar

Para conectar as anteditas parroquias á EDAR de Santa Marta de Ortigueira será precisa a instalación dunha nova rede de colectores e de dous bombeos, que recibirán as novas augas residuais. A rede estará formada por nove colectores de 3.804 metros de lonxitude total e 315 mm de diámetro. Os bombeos serán de 11 e 5,5 kw de potencia. O de maior potencia terá un tubaxe de 261 metros que se unirá, ao final do tramo, á tubaxe que provén do Parque Empresarial de Cuíña. O de menor potencia situarase no núcleo de Xestal, preto da estrada Ferrol-límite provincial en San Cibrao (AC-862), e contará cunha tubaxe de 967 metros de lonxitude.

Con esta nova rede sublíñase a posibilidade de proxectar, nun futuro, un tanque de homoxeneización á entrada da EDAR para evitar os desbordamentos que se poidan producir polas chuvias ou polos caudais abundantes de bombeo en certos momentos.

A poboación beneficiada será de preto de 800 veciños das citadas parroquias, e a execución da obra finalizará nun prazo de 9 meses.

Saneamento das rías galegas

No que vai de lexislatura, o Consello da Xunta leva aprobados un total de 180,5 millóns de euros en investimentos directamente relacionados co saneamento das rías galegas,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

co obxectivo de dar cumprimento á Directiva Marco da Auga e garantir o bo estado ecolóxico das augas no horizonte do ano 2013, tal e como establece o Plan de Infraestruturas Hidráulicas de Galicia.

O CONCELLO PONTEVEDRÉS DA LAMA DISPORÁ DUNHA DEPURADORA DE AUGAS RESIDUIAIS, NA QUE A XUNTA INVESTIRÁ UN MILLÓN DE EUROS

- *Con estes traballos proxéctase dar un servizo de saneamento de calidade e eficaz para os veciños da Lama que na actualidade empregan fosas sépticas*
- *A depuradora contará cunha liña de auga e outra de lodos con secado*
- *A EDAR beneficiará máis de 1.200 habitantes do concello da Lama*
- *O prazo de execución da obra será de 10 meses*
- *No que vai de lexislatura, o Consello da Xunta leva aprobados un total de 209 millóns de euros en investimentos relacionados co saneamento integral de Galicia*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello da Lama para a execución das obras dunha nova rede de saneamento no municipio. A Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH) financiará integramente as obras cun investimento de 1.104.809 euros, distribuídos en tres anualidades: en 2010 serán 114.809 euros; en 2011, 940.000 euros e en 2012 achegará 50.000 euros.

Con estes traballos proxéctase dar un servizo de saneamento de calidade e eficaz para os veciños da Lama que na actualidade empregan fosas sépticas. Coa súa eliminación evítanse problemas ambientais provocados por filtracións e verteduras, así como problemas de salubridade.

As obras da EDAR pretenden asumir as verteduras xeradas polo crecemento da poboación, incluído o estacional, e unha vez executadas beneficiarán máis de 1.200 habitantes do concello.

EDAR

O elemento central das actuacións que se recollen neste convenio é unha estación depuradora que se situará nunha parcela de 2.000 m² en que agora hai fosas sépticas. Contará cunha liña de auga dotada de pozo de grosos, aliviadoiro xeral e reactor biolóxico de aireación prolongada. Tamén se instalará unha liña de lodos. Esta infraestrutura contará cunha liña de auga, outra de lodos con secado térmico e recuperación de enerxía e un control de tratamento de olores. A solución base para a EDAR ten como principal característica a implantación dun reactor biolóxico con aireación prolongada con nitrificación-desnitrificación.

Na liña de auga deseñada, todo o caudal que chegue á EDAR someterase a desbaste, pretratamento e tratamento primario. O caudal que se envíe ao tratamento biolóxico regularase mediante un bombeo intermedio, que contará con eliminación de nitróxeno e fósforo por vía química. A liña de lodos incluírá unha dixestión anaerobia con aproveitamento da enerxía do biogás, e un secado térmico de baixa temperatura. Por último, un sistema de desinfección eliminará a contaminación bacteriolóxica do efluente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Outras actuacións**

Por un lado, modificarase o colector de Racelo, que verte nunha fosa séptica situada nun punto baixo, para que verta á EDAR, o que implica a construción dunha estación de bombeo e impulsión. Así mesmo, modificarase o trazado do colector da rúa Pedreira con 113 metros de PVC 315 que entroncan na rede da avenida do concello.

Por outra banda, dotarase da rede de saneamento á zona de Calcaterra-Fontecova, na que os veciños verten as augas residuais a fosas sépticas privadas. A rede de saneamento constará de 3 ramais diferenciados, en diámetros 315 e 250 mm de tubaxe de PVC que dirixirán as augas por gravidade cara ao pozo de bombeo situado en Calcaterra. Proxéctase establecer unha impulsión cuxas bombas situaranse nun pozo de bombeo, instalándose 2 bombas somerxibles dilaceradoras dunha potencia de 2,6Kw que impulsarán un caudal de 3,10 l/s. Trátase dunha impulsión de augas residuais que permite a conexión da actual rede de saneamento da zona oeste da Lama co resto da rede existente.

Instalaranse diversas construcións complementarias como un edificio de explotación, unha caseta de compresores para alimentación de aire ao reactor e procederase á urbanización da parcela. Hai que mencionar que tamén se fará un acceso que unirá Fontecova coa estrada PO-241, preto do bombeo de Calcaterra e unha reposición dos servizos e pavimentos afectados polas obras.

O prazo de execución das obras será de 10 meses.

Competencias

As obrigas da Consellería de Medio Ambiente serán asumir os custos das obras, así como o seu control e dirección. O concello da Lama comprométese á entrega dos terreos e auga necesarios para a execución das obras, así como todas as autorizacións administrativas necesarias para a súa realización. Do mesmo xeito, comprométese a asumir a explotación, mantemento e conservación das obras unha vez executadas e recibidas pola Administración.

Saneamento integral de Galicia

No que vai de lexislatura, o Consello da Xunta leva aprobados un total de 209 millóns de euros en investimentos relacionados co saneamento integral de Galicia. Estas actuacións céntranse na construción de depuradoras nos lugares que carecen delas ou naquelas áreas que precisan melloras respecto das instalacións actuais; na creación de redes separativas e na construción de colectores para conectar coa rede de saneamento os núcleos que non dispoñen deste servizo.

ECONOMÍA E INDUSTRIA APOIA AS INICIATIVAS DOS CLÚSTER DO GRANITO E DA LOUSA ORIENTADAS Á MELLORA COMPETITIVA DO SECTOR DA PEDRA NATURAL GALEGA

- *A consellería que dirixe Javier Guerra destinará unha achega para o financiamento destas iniciativas de 308.000 euros*
- *Establécese un anticipo do 80% da subvención, sen necesidade de presentación de garantías pola Asociación Clúster do Granito nin pola da Lousa*

O Consello da Xunta de Galicia autoriza a Consellería de Economía e Industria para a subscripción dun convenio de colaboración co Clúster da Lousa e outro co do Granito para impulsar a mellora da competitividade do sector da pedra natural, coa posta en marcha de plans de promoción e proxectos de estudo demostrativos.

A Consellería de Economía e Industria destinará unha achega para o financiamento destas iniciativas de 308.000 euros, establecendo tamén un anticipo do 80% da subvención, sen necesidade de presentación de garantías pola Asociación Clúster do Granito nin pola da Lousa.

A Consellería que dirixe Javier Guerra, a través da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, está a impulsar aquelas actividades, proxectos e actuacións que contribúan á dinamización e modernización do sector, e melloren as liñas de cooperación e colaboración entre as empresas, como estratexia para o fomento da calidade do produto galego.

Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria apoia a posta en marcha do plan de promoción do sector da lousa que será desenvolto polo Clúster da Lousa de Galicia, constituído pola Fundación Centro Tecnolóxico da Lousa, a Asociación Galega de Louseiros e a Asociación Nacional de Colocadores de Pizarra.

Ao abeiro deste acordo, farase unha campaña de promoción da lousa galega a través da marca de nova creación: "Lousa de Galicia e España" (Galician&Spanish Slate), para fomentar a súa difusión entre os prescriptores e o público en xeral.

De igual xeito, a Consellería impulsa tamén o plan de promoción que será desenvolto en colaboración coa Asociación Clúster do Granito, na que están representadas as principais empresas galegas extractoras e transformadoras do granito, así como as fabricantes de maquinaria para o dito sector, marmoristas e o Centro Tecnolóxico do Granito e a Universidade de Vigo, entre outros.

O acordo co Clúster do Granito permitirá a posta en marcha dunha campaña de Promoción do Granito Galego que consiste na realización de actuacións, ferramentas técnicas de promoción, así como todos os mecanismos de difusión necesarios para a súa promoción entre os prescriptores do produto granito galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Ademais, co desenvolvemento destes acordos co Clúster do Granito e o da Lousa tamén se porán en marcha estudos e proxectos demostrativos para innovar no eido da prevención de po e ruído nas fábricas, incluíndo novos mecanismos e melloras que se poidan habilitar neste eido.

Por outra banda, tamén se elaborará un estudo para a mellora das prestacións técnicas e solucións construtivas con granito, consistente na identificación de problemas técnicos das diferentes aplicacións do granito, a tipificación das solucións existentes no mercado, o ensaio das mesmas, tendo en conta a súa efectividade, así como a identificación de melloras, a realización de test de mellora e a produción final.

ECONOMÍA E INDUSTRIA FINANCIA CON 1,5 MILLÓNS A CONSTRUCCIÓN DA NOVA DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS INDUSTRIAIS NO CONCELLO MINEIRO DE CERCEDA

- *O acordo, promovido pola Consellería de Economía e Industria, ten como finalidade impulsar o desenvolvemento económico alternativo desta zona tradicionalmente dedicada á minaría do carbón*
- *Esta iniciativa contribúe a dotar de mellores servizos Cerceda, coa construción dunha nova estación depuradora de augas residuais industriais, incluíndo a condución das augas do polígono de Acevedo cara á EDAR*

O Consello da Xunta vén autorizou a Consellería de Economía e Industria para a sinatura dun convenio de colaboración específico co Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras” para a construción da nova estación depuradora de augas residuais industriais no concello de Cerceda, A Coruña.

A dotación económica orzamentada para o desenvolvemento das actuacións previstas neste acordo ascende a 1,5 millóns de euros, que serán investidos na execución do proxecto da estación depuradora de augas residuais (EDAR) industrial no municipio de Cerceda.

O acordo, promovido pola Consellería de Economía e Industria, ten como finalidade impulsar o desenvolvemento económico alternativo desta zona tradicionalmente dedicada á minaría do carbón coa posta en marcha de infraestruturas que redunden nunha mellora obxectiva das condicións de vida destes municipios.

En concreto, esta iniciativa que está a contribuír a dotar de mellores servizos o concello de Cerceda consiste na construción dunha nova estación Depuradora de augas residuais industriais en Cerceda, incluíndo a condución das augas do polígono de Acevedo cara á EDAR cun tramo en impulsión e mais co seu correspondente pozo de bombeo, con tanque de retención e un tramo colector en gravidade.

ECONOMÍA E INDUSTRIA INVISTE COAS CÁMARAS DE COMERCIO PRETO DE 5 MILLÓNS NO FOEXGA 2010 PARA ACTIVAR 159 INICIATIVAS A PROL DA INTERNACIONALIZACIÓN

- *A Xunta incrementa a súa dotación orzamentaria para o Foexga 2010 nun 38,4% con respecto ao exercicio anterior, e nun 59,4% en relación co 2008*
- *A Consellería de Economía e Industria incrementa tamén o número de accións de case todos os capítulos do Foexga 2010 ata chegar as 159 co obxectivo de reforzar a presenza do comercio e a industria galega nos mercados internacionais*

O Consello da Xunta autoriza o convenio de colaboración para o Fomento das Exportacións Galegas (Foexga 2010) entre a Consellería de Economía e Industria e as cámaras de comercio de Galicia en virtude do cal se dota o Foexga 2010 cun orzamento de preto de 5 millóns de euros para poñer en marcha 159 accións a prol da internacionalización do comercio e da industria galega, un investimento que a Xunta aumentou nun 38,4%, con respecto ao pasado exercicio, e nun 59,4%, en relación ao achegado pola Xunta no 2008.

Este programa inscríbese dentro das políticas de fomento da internacionalización das empresas galegas promovidas pola Consellería de Economía e Industria que co financiamento de iniciativas como o Plan Foexga, abrangue o desenvolvemento dunha pluralidade de actuacións coas que se pretende estimular e incentivar o comercio e a industria galega mediante a subvención de misións empresariais a outros países, a participación de axentes comerciais estranxeiros nos principais eventos comerciais da Comunidade Galega ou a presenza de bolseiros galegos e de promotores de negocios en diferentes lugares do mundo.

O departamento que dirixe Javier Guerra incrementou en 46 o número de accións que se desenvolverán ao abeiro deste programa e chegou a un total de 159 iniciativas proxectadas para este exercicio. Ademais, a Consellería de Economía e Industria aumentou a súa achega económica en 11 dos 12 capítulos do Foexga 2010 e as accións a desenvolver en todos eles.

As 30 misións comerciais directas subvencionadas están orientadas á realización de prospeccións dos mercados internacionais e ao establecemento de contactos empresariais entre Galicia e países como Xapón, Francia, Portugal, Angola, México, Marrocos, Cabo Verde, Irán, Guinea Ecuatorial, República Dominicana, Venezuela, Exipto, Siria, Perú, Ecuador, Dubai, Chile, Ucraína, Arxentina, Uruguai, Serbia, Macedonia, Albania, Alemaña, Polonia, Bulgaria, R. Checa, Hungría, Vietnam, Kazakhstán, Bélxica / Luxemburgo, Suíza, Canadá, Australia ou EEUU. Neste capítulo elevouse nun 9,75% o financiamento da Xunta e en 5 as misións que se desenvolverán.

A través do Foexga tamén se incentiva a posta en marcha de 26 misións comerciais inversas, 6 máis que en 2009, co obxectivo de que compradores e distribuidores de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Europa, África, Asia, América do Norte e do Sur coñezan “in situ” as empresas e produtos galegos. Esta sección recibiu un 27% máis de apoio por parte da Xunta no exercicio en curso, con respecto ao pasado.

Ao abeiro deste convenio, finánciase, cun aumento do 29%, a participación das empresas galegas en 23 feiras internacionais que presentan un especial atractivo para os produtos da Comunidade Autónoma, porque estes encontros, ademais de servir como plataformas para publicitar os produtos galegos, constitúen un escenario axeitado para poñer en contacto a empresarios con distribuidores, coñecer a evolución do sector, as súas últimas innovacións e tendencias e determinar a dimensión da competencia.

O Foexga 2010 tamén apoia, cun incremento do 61%, un total de 16 visitas a feiras no exterior, 5 máis que na pasada edición, por tratarse duns encontros que representan un especial atractivo para as empresas galegas.

Aposta polas economías emerxentes

Na estratexia do Foexga 2010, a presenza galega nos mercados das chamadas economías emerxentes adquiren unha especial relevancia, de tal xeito que se habilitou un capítulo específico para o financiamento de misións comerciais plurisectoriais de carácter estratéxico, mediante o cal a Xunta financia o 60% de dúas misións comerciais a Porto Rico e Brasil.

Outra das liñas de actuación deste plan pasa por financiar a presenza de promotores de negocios en Brasil, Rusia e China, como novo destino, o que supón un incremento orzamentario do 32%. Estes profesionais dedícanse a prestar servizos de apoio, asistencia e asesoramento ás actividades de exportación e internacionalización da economía galega, reforzando a presenza comercial e industrial das empresas galegas en países que polas súas condicións macroeconómicas, cun crecemento elevado económico e social, presentan especial interese para as empresas de Galicia que queren desenvolver as súas actividades de exportación e cooperación internacional.

Por outra banda, esta iniciativa facilita a inserción de 18 bolseiros-promotores nestes mercados internacionais, como unha aposta pola formación de recursos humanos especializados neste eido. Estes bolseiros desenvolven o seu labor nos mercados nos que se detectan vantaxes competitivas e posibilidades para a promoción das exportacións galegas tales como: Xapón, Francia, Marrocos, Portugal, China, EEUU, México, Perú, Emiratos Árabes, Alemaña, Colombia, India, Irlanda, Ucraína, Bélxica, Suíza, Bruxelas..

Ao mesmo tempo, porán en marcha 7 accións sectoriais inversas e 20 accións sectoriais directas para fomentar as exportacións en sectores como o pesqueiro, o vinícola, a construción ou as enerxías renovables, en: China, India, Canadá, Xapón, EE.UU, México, Brasil, Bélxica e Rusia. As accións directas aumentaron

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

considerablemente, con respecto a 2009, pasando dun total de 6 a 20 iniciativas, en 2010. Neste capítulo a CEI incrementa a súa achega en 253.230 euros, un 290% máis.

Tamén se realizarán 7 misións coa finalidade de realizar exposicións de produtos galegos dirixidas a un público obxectivo e concreto en Europa, Asia e América para fomentar a cooperación interempresarial, o contacto coas empresas estranxeiras, favorecer acordos comerciais, financeiros industriais, tecnolóxicos, etc.

O Plan Foexga tamén permitirá realizar 5 accións dedicadas a actividades de estudo e coñecemento para analizar mercados con posibilidade de penetración para os produtos galegos, e desenvolverá un plan global de comunicación, dirixido a empresas e entidades galegas, e reformarán a páxina web para crear un novo portal máis accesible e eficaz, para dar a coñecer as actividades desenvolvidas mediante esta iniciativa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**ECONOMÍA E INDUSTRIA ACHEGA 10,79 MILLÓNS DE EUROS AO FONDO ADIANTE PARA APOIAR O FORTALECIMENTO DO TECIDO EMPRESARIAL GALEGO**

- *A Consellería de Economía e Industria readapta as liñas de actuación do Igape para atender as necesidades reais dos empresarios*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou a Consellería de Economía e Industria para achegar, a través do Instituto Galego de Promoción Económica, unha achega de 10,79 millóns de euros ao Fondo Adiante de XesGalicia, que ten como finalidade apoiar o fortalecemento financeiro e a continuidade de proxectos empresariais cunha importante transcendencia social e económica, de carácter estratéxico para a economía de Galicia que sexan viables.

O Goberno galego está a readaptar as liñas de actuación do Igape coa finalidade de dar unha resposta eficaz ás necesidades reais dos empresarios, de xeito que as actuacións do Instituto se adaptan ás necesidades das empresas galegas que, no actual contexto económico, solicitan axudas encamiñadas a favorecer a obtención de financiamento; estimular a súa mellora competitiva; facilitar a internacionalización das súas estratexias empresariais e estimular a demanda interna.

De cara ás empresas, a toma de participación e a concesión de préstamos por parte de Adiante supón unha fonte de financiamento que contribúe moi positivamente á estabilidade e dinamización económica dos seus proxectos e ao mantemento da súa actividade e do emprego. Así mesmo, con este fondo axúdase tamén á profesionalización da xestión empresarial, colaborando na busca de financiamento adicional, entre outros servizos.

O Fondo Adiante constitúe un elemento de dinamización económica moi valorado polas empresas galegas e polos principais axentes económicos de Comunidade Autónoma de Galicia. O apoio ao tecido empresarial galego materialízase no financiamento parcial de proxectos de investimento, levados a cabo por empresas con necesidades de apoio financeiro, en forma de toma de participación temporal ou concesión de préstamos tanto participativos, como non participativos.

Deste xeito, para levar a cabo os investimentos en empresas que contribúan a dinamización e a reactivación da economía galega na actual conxuntura o Fondo conta cos seus propios recursos e coa ampliación de patrimonio por parte do Igape.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN ASINARÁ CONVENIOS DE COLABORACIÓN COAS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A CORUÑA PARA A PROMOCION DA INVESTIGACIÓN DO GALEGO NO CENTRO RAMON PIÑEIRO**

- *A Secretaría Xeral de Política Lingüística destina máis de 200.000 euros á realización das actividades recollidas no acordo*
- *Os convenios teñen por obxectivo a promoción da historia lingüística e literaria galega*

A Secretaría Xeral de Política Lingüística asinará convenios de colaboración coas universidades de Santiago de Compostela e A Coruña para a promoción e apoio á investigación en humanidades no Centro Ramón Piñeiro. Segundo o aprobado hoxe no Consello da Xunta, os convenios terán vixencia durante os anos 2010, 2011 e 2012, e a eles vanse destinar 207.993 euros.

As iniciativas ao abeiro destes convenios estarán destinadas a desenvolver proxectos e actividades de potenciación e afondamento no estudo filolóxico e conservación das fontes lingüísticas, literarias e antropolóxicas da comunidade galega durante os anos 2010, 2011 e 2012.

Ademais, a Consellería colaborará nas actividades que se realicen no Centro Ramón Piñeiro a través de profesionais que desenvolverán tarefas de coordinación científica e dirección técnica do centro, así como todos aqueles proxectos de investigación relativos ao estudo filolóxico, conservación de fontes lingüísticas, literarias e antropolóxicas que incidan en todos os ámbitos da comunidade galega, especialmente na familia de humanidades. Todos os proxectos que se realicen ao abeiro deste acordo deberán realizarse en lingua galega.

Con este convenio, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, continúa co seu compromiso de promoción da lingua e cultura galega a través da investigación en diferentes eidos contribuíndo á recuperación da lingua galega.

EDUCACIÓN INCREMENTA NOVAMENTE NUN 10% O IMPORTE DAS AXUDAS ÁS ANPAS QUE PRESTAN O SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

- *A pesar da época de crise pola que se está a pasar a Consellería incrementou nun 20% estas axudas*
- *Esta é primeira vez que estas axudas chegarán para cubrir os gastos ocasionados polas pólizas de seguro escolar*
- *Por segundo curso consecutivo no que os escolares volven beneficiarse do carácter social da Administración galega*

A Consellería de Educación continuará o vindeiro curso a apoiar o servizo complementario de comedor escolar incrementando nun 10% sobre o ano anterior o importe das achegas económicas destinadas ao cofinanciamento dos comedores xestionados polas asociacións de nais e pais (ANPAS) de alumnos e alumnas de centros públicos non universitarios.

A Consellería de Educación volve deste xeito demostrar o seu interese polo benestar dos estudantes galegos, e pesar da complicada situación económica que se vive nestes momentos fai un esforzo a prol das alumnas e alumnos, incrementando as axudas por segundo ano consecutivo, e ademais aumentando o seu alcance.

Así, no ano académico 2010-2011 haberá máis de 1,2 millóns de euros para apoiar estas asociacións e axudalas a sufragar o custo do menú, a vixilancia e coidado dos alumnos, en especial daqueles con necesidades específicas, e o desenvolvemento de programas de promoción da saúde e habilidades persoais nos comedores.

Ademais, e por primeira vez este ano, estas achegas económicas poderán destinarse a sufragar os gastos ocasionados pola contratación de pólizas de seguros vinculadas directamente á prestación do servizo de comedor escolar.

Este é o segundo curso consecutivo no que a Consellería de Educación incrementa o importe desta axudas, que xa se viron aumentadas nun 10% no pasado ano escolar 2009-2010; e supoñen un 20% máis da contía existente no momento de cambio da legislatura.

Promoción de hábitos saudables

Poderán ser beneficiarios das axudas as asociacións, federacións e confederacións de nais e pais de alumnos e alumnas que xestionen, directa ou indirectamente, o servizo do comedor no centro escolar correspondente; e as que, por non existiren as instalacións axeitadas no centro, oferten o servizo nun local hostaleiro próximo á escola.

Para a concesión das axudas, e de acordo co compromiso de fomento de hábitos saudables entre a comunidade educativa, contarán como criterios de valoración para a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

concesión das subvencións o desenvolvemento programas de promoción da saúde, de hábitos alimentarios saudables e de habilidades persoais do alumnado nos comedores.

As ANPA poderán presentar as solicitudes no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. A percepción destas axudas é compatible con outras subvencións para a mesma finalidade. A resolución de concesión das axudas será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Educación, <http://www.edu.xunta.es/ea>.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE VIGO ADQUIRIRÁ
IMPLANTES DE TRAUMATOLOXÍA POR UN IMPORTE SUPERIOR AOS 3,8
MILLÓNS DE EUROS**

- *Para atender as necesidades asistenciais deste centro da rede sanitaria pública galega*

O consello da Xunta reunido no día de hoxe aprobou un Proxecto de Acordo polo que se autoriza a subministración sucesiva de implantes de traumatoloxía para o Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, por un importe de 3.887.394 euros, para un prazo de 24 meses, coa fin de atender as necesidades asistenciais dos servizos de traumatoloxía deste centro sanitario da cidade olívica.

A contratación dos implantes de traumatoloxía polo sistema de subministración sucesiva ten a peculiaridade de que os centros sanitarios non necesitan dispor de grandes espazos de almacenamento nin as empresas contratistas teñen que ter unha gran capacidade de produción, xa que os pedidos realízanse conforme as necesidades que veñen dadas conforme a demanda dos pacientes. O sistema permite, por tanto, ter sempre dispoñible material sanitario e, por outro lado, obter mellores prezos por parte das empresas.

O valor estimado do contrato, tendo en conta que se pode prorrogar por outros 24 meses, é de 7,1 millóns de euros.

SANIDADE DESTINA 11,5 MILLÓNS DE EUROS AO SERVIZO DE LIMPEZA DO HOSPITAL LUCUS AUGUSTI

- *Incluirá a limpeza e desinfección das dependencias exteriores e interiores do Hospital, a recollida e transporte de residuos e a recollida de roupa sucia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación do servizo de limpeza das dependencias do Hospital Lucus Augusti, por un importe de 11.500.000 euros, xa que a próxima posta en marcha deste centro sanitario trae consigo novas necesidades derivadas da estrutura e dimensións do novo edificio, moito máis grande que todos os centros que na actualidade compoñen o Complexo Hospitalario Xeral Calde.

Así, este servizo será o responsable da limpeza e desinfección das dependencias exteriores e interiores do hospital, así como o seu mobiliario e equipamento, segundo o establecido na Guía de Procedementos de Limpeza do Medio Hospitalario do Servizo Galego de Saúde e as propias normas internas do centro. Neste sentido, inclúense a realización da limpeza de instalacións, canaletas, tolvas, reixas, helisuperficies, terrazas e zonas axardinadas, entre outros.

O texto tamén se refire á recollida e transporte de residuos ou calquera tipo de material de refugallo ás dependencias para o seu depósito con que conta o centro. Os puntos de almacenamento –tanto intermedios como finais- recolleranse tantas veces como sexa preciso para mantelos en perfectas condicións de limpeza, e os residuos trasladaranse en vehículos axeitados ata os puntos finais de evacuación.

Co fin de minimizar ao máximo o volume de residuos e de manter o recinto hospitalario nas mellores condicións de limpeza e hixiene, a empresa adxudicataria do contrato deberá instalar compactadores de residuos axeitados ás necesidades do centro. O servizo inclúe, así mesmo, a recollida de roupa sucia.

Para a adxudicación deste contrato aplicarase o procedemento aberto. O seu prazo de execución será de dous anos dende a súa formalización, e poderá ser obxecto de prórroga por mutuo acordo das partes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**CULTURA E TURISMO INVESTIRÁ 800.000 EUROS NA ADAPTACIÓN COMO ALBERGUE DE PEREGRINOS DUN ANDAR DA IGREXA PARROQUIAL DE SANTO ANTONIO DE PADUA, NO BARRIO COMPOSTELÁN DAS FONTIÑAS**

- *O Consello da Xunta autorizou o convenio de colaboración entre a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e a Fundación Ad Sanctum Iacobum Peregrinatio para a adecuación de locais situados no andar semisoto da igrexa*
- *O acordo permitirá ampliar en 184 prazas o servizo de hospedaxe aos peregrinos en Santiago de Compostela, meta do Camiño. O convenio garante o funcionamento deste infraestrutura como albergue ata o 31 de decembro de 2025*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura e Turismo, a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, e a Fundación Ad Sanctum Iacobum Peregrinatio para a adecuación como albergue de peregrinos dos locais do andar semisoto da igrexa parroquial de Santo Antonio de Padua e parcela anexa, no barrio compostelán das Fontiñas. O convenio permitirá ampliar en 184 prazas a capacidade de aloxamento dos dous albergues da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, con capacidade para 480 peregrinos na meta do Camiño de Santiago.

En virtude do acordo autorizado hoxe, ambas as entidades pretenden dar resposta ás necesidades reais de hospedaxe dos peregrinos que chegan a Compostela nun enclave fundamental, situado na entrada dos Camiños Francés, Norte e Primitivo. Deste xeito, o convenio garante ademais o funcionamento desta infraestrutura como albergue para peregrinos ata o 31 de decembro de 2025.

A Consellería de Cultura e Turismo, a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, enmarca este acordo no seu labor de fomento daquelas actuacións tendentes a mellorar e promover a asistencia aos peregrinos e á propia celebración do Ano Santo. Entre ditas actuacións púense actividades de melloras, dotación e restauración de espazos pertencentes a entidades públicas e privadas polos que discorre o Camiño de Santiago que poidan ser utilizados como albergues.

A Fundación Ad Sanctum Iacobum Peregrinatio é titular da cesión de uso dos locais situados no baixo da igrexa parroquial de Santo Antonio das Fontiñas e parcela anexa co fin de dedicalo a albergue de peregrinos, encargándose ademais da súa xestión, atención e mantemento. Entre os seus obxectivos, a Fundación establece o estudo, promoción e difusión da peregrinación a Santiago de Compostela e de todas aquelas actividades que comporta o feito xacobeo na actualidade; a atención e acollida aos peregrinos tanto no Camiño como na meta, así como a construción e cesión de albergues ou centros de acollida.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O CONSORCIO ADQUIRIRÁ CATRO LOCAIS PARA CENTROS DE DÍA NOS CONCELLOS DE FERROL, AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, ALLARIZ E VILAGARCÍA**

- *Os equipamentos localízanse en baixos de edificios de vivendas interxeracionais do IGVS*
- *Suporán un total de 120 novas prazas e irán entrando en funcionamento entre este ano e o próximo*

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Instituto Galego da Vivenda e Solo asinarán un convenio para a compravenda de catro locais destinados a centros de día, segundo foi autorizado hoxe polo Consello da Xunta.

Así, o Consorcio adquirirá catro locais nos que posteriormente xestionará os respectivos centros de día nos baixos de edificios para vivendas interxeracionais para maiores de 65 e menores de 35 que está a construír o IGVS.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar aportará para a adquisición dos inmobles 1.655.631,19 euros, distribuídos en 457.012,63 euros para o local de Esteiro, 397,026,04 para o de As Pontes, 411.657,14 o de Allariz e 389.935,38 o de Vilagarcía de Arousa.

Os catro futuros centros de día ofertarán 30 prazas cada un e, cara a súa entrada en funcionamento entre finais este ano e o ano próximo, serán equipados polo Consorcio.

Os catro centros integraranse na Rede de Centros de Atención a Persoas Maiores do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, definidos como centros xerontolóxicos de alcance social e terapéutico e de apoio ás familias, que prestan atención diurna ás persoas maiores con dependencia ou en grave risco de padecela, promovendo a súa autonomía persoal, a actividade relacional e a permanencia no entorno habitual.

Ademais de iniciar os trámites para a posta en funcionamento destes catro centros recollidos no convenio, nas últimas semanas abriron as súas portas sete centros de día do Consorcio que comezarán a recibir usuarios nuns días. Situados nos concellos de San Sadurniño, Culleredo, Rois, Begonte, Xinzo de Limia, Tomiño e Porriño.

O ÁMBITO EXPROPIATORIO DOS TERRENOS DO NOVO HOSPITAL PÚBLICO DE VIGO AFECTA 378 PARCELAS, PROPIEDAD DE 223 INTERESADOS

O consello da Xunta reunido no día de hoxe abordou un informe da Consellería de Sanidade sobre a expropiación de terreos para o novo hospital público de Vigo.

O ámbito expropiatorio afecta 378 parcelas, propiedade de 223 interesados, sitas na zona sur do concello de Vigo, na parroquia de Beade, xusto no límite coa parroquia de Valadares. A superficie xeral do ámbito de actuación é de 234.143 metros cadrados, cuxas follas de valoración da administración suman a cantidade de 6.251.245,60 euros.

As datas para o levantamento das actas de pagamento e ocupación son as sinaladas na resolución do 5 de agosto de 2010, e van do día 23 ao 28 de setembro do presente ano. Aos propietarios das vivendas estáselles indicando a data límite para o desaloxo do 30 de novembro deste ano.

Cronoloxía

No informe hoxe presentado sinálase que, con data do 18 e límite do 29 de decembro de 2008, cursáronse as invitacións para o procedemento negociado de adxudicación do contrato de xestión da expropiación dos terreos previstos no proxecto sectorial do novo hospital de Vigo.

A aprobación definitiva polo Consello da Xunta do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do novo hospital de Vigo, establecéndose como sistema de execución o de expropiación, foi o 12 de febreiro de 2009 (DOG número 23, do 13 de decembro).

A aprobación e acordo de iniciación do proxecto expropiatorio polo procedemento de taxación conxunta, e o sometemento a información pública o expediente expropiatorio dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do novo hospital, foi mediante Resolución da Consellería de Sanidade de 15 de outubro de 2009 (DOG núm. 235 de un de decembro).

A aprobación definitiva do expediente expropiatorio, seguido polos trámites de taxación conxunta dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, foi mediante Resolución da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 16 de xullo de 2010 (Dog núm. 139, do 22 de xullo).

Por último, o sinalamento das datas e citación aos interesados para o levantamento das actas de pagamento e ocupación dos bens e dereitos afectados polo expediente de expropiación forzosa por taxación conxunta para a execución do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do novo hospital, foi mediante resolución da Consellería de Sanidade do 5 de agosto de 2010 (DOG núm. 155, do 13 de agosto).

PRETO DE 460 MIL VIAXEIROS ALOXÁRONSE NOS ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS GALEGOS NESTE MES DE XULLO, O MAIOR VOLUME REXISTRADO NOS ÚLTIMOS DEZ ANOS NESE MESMO PERÍODO

- *Galicia rexistrou un incremento do 12,9% no volume de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros durante o mes de xullo do 2010 a respecto do mesmo mes do ano anterior*
- *En comparación cos datos rexistrados en 2009 a respecto do mes de xullo as pernoitas medraron tamén un 9,2% e a respecto das rexistradas en 2004, último Ano Santo, o incremento porcentual da cifra de pernoitas ascende a un 4,2. Os viaxeiros a respecto de 2004 subiron un 5,1% neste mes de xullo de 2010*
- *A variación interanual dos viaxeiros aloxados en hoteis en Galicia no mes de xullo está claramente por riba do crecemento medio español que se sitúa no 8,8%. A variación interanual dos viaxeiros aloxados en hoteis no conxunto do Estado de xaneiro a xuño de 2010 é de 5,9% máis que no mesmo período de 2009. En Galicia a variación interanual na cifra de viaxeiros de xaneiro a xullo de 2010 a respecto de 2009 acada o 13%*
- *Do mesmo xeito, o total dos establecementos regrados de Galicia (hoteis, pensións, apartamentos turísticos, acampamentos e turismo rural) rexistraron no mes de xullo de 2010 un total de 568.524 viaxeiros aloxados, cifra que xera un total de case millón e medio de pernoitas. Estes datos amosan unha dinámica moi positiva xa que superan nun 13,2% a cifra de viaxeiros e nun 8,7% a de pernoitas de 2009*
- *Melloran tamén as cifras do último Xacobeo, cun incremento do número de viaxeiros do 5,1% e no de pernoitas do 4,2%. Se se ten en conta o acumulado do ano nos establecementos regrados, as cifras de viaxeiros son superiores ás dos 7 primeiros meses de 2009 nun 12,7% e as de pernoitas nun 8,7%*

A Consellería de Cultura e Turismo presentou hoxe ao Consello da Xunta de Galicia o informe sobre a ocupación hoteleira en 31 de xullo de 2010, segundo fontes do Instituto Nacional de Estatística (INE). Preto de 460 mil viaxeiros aloxáronse nos establecementos hoteleiros galegos neste mes de xullo, sendo este o dato máis elevado entre os datos rexistrados nos meses de xullo dos últimos dez anos. A respecto do ano pasado, a cifra de viaxeiros rexistrados neste mesmo mes incrementouse nun 12,9%. Do mesmo xeito, en comparación co mes de xullo de 2004, último Xacobeo, o incremento da cifra de viaxeiros ascende a un 5,1%.

No contexto nacional, Galicia sitúase en terceiro lugar por detrás de Cataluña e Baleares e tamén por riba da media española que se situou nun 8,76%. Do mesmo xeito, se se ten en conta o acumulado do ano, Galicia rexistra un incremento en relación aos sete primeiros meses de 2009 dun 13%, con 2.041.213 viaxeiros. Nesta liña, a respecto do Xacobeo 2004 o incremento no que vai de ano a respecto do mesmo período do último Ano Santo é de 5,3%. O incremento interanual do acumulado do ano en Galicia é o segundo máis elevado tras Cataluña, e amplamente superior ao 5,9% da media nacional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

No tocante ás pernoitas, Galicia acumula un total de 4.279.275 pernoitas, volume que supera nun 9,7% a cifra do mesmo período do ano pasado e nun 5,6% á rexistrada no último Ano Santo. Galicia é a terceira comunidade do conxunto do Estado coa suba máis alta no volume de pernoitas neste período acumulado do ano, situándose neste caso por detrás de Madrid e Cataluña.

No período de xaneiro a xullo a ocupación hoteleira sitúase arredor do 32%, cifra que supón un incremento do 2,5% a respecto do mesmo período do ano pasado. Se se teñen en conta os datos rexistrados na fin de semana, o nivel de ocupación sitúase neste mes de xullo nun 50,51%, porcentaxe que supera en máis de dous puntos porcentuais á rexistrada no mesmo mes de 2009.

O incremento interanual da ocupación hoteleira neste mes de xullo é o quinto consecutivo rexistrado neste ano, rompendo definitivamente unha tendencia de caídas continuadas nos últimos dous anos.

Prezos e rendibilidade empresarial

Os prezos hoteleiros experimentaron neste mes de xullo un incremento do 2,9%, unha tendencia que de novo é oposta en gran medida ao que acontece no conxunto do Estado, onde os prezos caeron de media un 0,8%. Este mes de xullo é o terceiro consecutivo de incremento de prezos hoteleiros, circunstancia importante nun contexto de caídas xeneralizadas tanto no conxunto do Estado como en cada unha das comunidades autónomas.

No tocante ao ingreso por habitación dispoñible, este incrementouse en xullo nun 9,9%, a maior porcentaxe do conxunto de CC.AA. do Estado e que se sitúa claramente por riba da media española que é dun 5,4%.

Facendo unha análise global, apréciase que os bos datos de conxuntura turística do sector hoteleiro de Galicia neste mes de xullo se ven reforzados ao ter lugar nun contexto de suba de prezos –en contraposición á caída xeneralizada no conxunto do Estado–, o que dá novos pulos á dinámica positiva da rendibilidade empresarial –medida polo ingreso medio por habitación dispoñible–.

Procedencia

Neste mes de xullo o 78,84% dos viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros de Galicia son españois. Os viaxeiros procedentes de territorio nacional incrementaron a súa presenza en Galicia nun 10,14%. Tamén os estranxeiros incrementaron nun 24,38% a súa presenza na nosa comunidade.

En termos de pernoitas, o peso do segmento nacional incrementábase ata o 82,18% do total mentres que o 17,82% restante corresponde aos estranxeiros. En ambos os

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

mercados tamén se observa unha suba das pernoitas, maior no caso dos estranxeiros - 24,11% fronte ao 6,37% dos nacionais-.

No conxunto do período acumulado do ano, o peso do mercado nacional representa o 80,34% do total de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros, cun incremento da súa presenza en Galicia do 12,57%. O 19,66% restante corresponde aos estranxeiros, que son tamén un 14,86% máis.

Ocupación en establecementos de aloxamento regrado

No mes de xullo de 2010 rexistráronse en Galicia un total de 568.524 viaxeiros aloxados en establecementos regrados, cifra que xera un total de case millón e medio de pernoitas. Estes datos amosan unha dinámica moi positiva xa que se superan as cifras de viaxeiros de 2009 nun 13,2% e as de pernoitas nun 8,7%. Melloran, así mesmo, as cifras rexistradas no último ano Xacobeo xa que o volume de viaxeiros incrementouse a respecto de 2004 nun 5,1% e o de pernoitas nun 4,2%.

A conxuntura global da oferta de aloxamento regrado de Galicia vén determinada en gran medida polo comportamento do segmento hoteleiro pois representa neste mes o 80,6% do total de viaxeiros e o 72,7% das pernoitas. A forte suba do volume de viaxeiros é unha característica común a todas as tipoloxías de aloxamento. No caso dos apartamentos e dos establecementos de turismo rural as subas son superiores ao 12%.

Os hoteis rexistran este mes de xullo o maior nivel de ocupación da oferta regrada e tamén unha maior suba en termos interanuais de catro puntos porcentuais a respecto do ano pasado. Tamén os establecementos extrahoteleiros rexistran niveis de ocupación que suben entre un e tres puntos porcentuais en relación a xullo de 2009.

Tendo en conta o conxunto dos sete primeiros meses do ano 2010, rexístranse nos establecementos de aloxamento regrado de Galicia preto de 2.300.000 de viaxeiros e case 5.000.000 de pernoitas, cifras que superan o acumulado ata xullo do pasado ano 2009 nun 12,7 e nun 8,7% respectivamente. Tamén se superan os datos do último Ano Santo nun 5,9% na cifra de viaxeiros e nun 6,2% na cifra de pernoitas.

Se analizamos os datos do acumulado do ano, o incremento no volume de viaxeiros é unha característica común a todas as tipoloxías de aloxamento, sendo especialmente significativo nos hoteis e pensións da comunidade.